

Estudan en colexios de Londres, Barcelona, Caracas ou Sanabria, pero o galego é unha asignatura máis do seu currículo académico. Preto de 2.000 alumnos de fóra de Galicia, de Infantil a Ba-

charelato, aprenden lingua galega ou teñen materias neste idioma, gracias a varios convenios da Xunta. Na maioría dos centros o ensino vai máis aló de dar a gramática ou a fonética do idioma xa

que organizan todo tipo de actividades para dar a coñecer a cultura, costumes e historia de Galicia. A estes alumnos hai que sumar os universitarios que tamén teñen a opción de aprender a lin-

gua galega nalgunhas das 35 facultades de quince países que ofertan esta materia. Pode estudiarse en nove campus españois, pero tamén en Rusia, EEUU, Brasil, Hungría ou Finlandia

# O galego, en aulas de todo o mundo

Case 2.000 alumnos, de Infantil a Bacharelato, estudan a lingua galega en centros de Castela e León, Cataluña, Londres, Arxentina ou Venezuela ■ Ademais este idioma ensínase en 35 facultades de quince países

Ana Ramil  
A CORUÑA

Aprender e falar galego non é algo exclusivo das aulas da comunidade. Preto de 2.000 alumnos de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato de fóra de Galicia estudan este idioma no colexio pese a que moitos deles nunca puxeron un pé en territorio galego. A meirande parte o fai en Castela e León —onde a Xunta ten convenios con centros das provincias de León e Zamora—, pero tamén hay galegofalantes en centros de Cataluña, Londres, Arxentina ou Venezuela. A eles hai que sumar os universitarios que escollen o galego coma asignatura nalgunha das 35 facultades que ofertan este idioma no currículo en quince países coma Italia, Brasil, EEUU, Finlandia, Suíza ou Hungría.

Na etapa preuniversitaria, Castela e León aglutina a maioría dos alumnos que aprenden galego na escola. Unha colaboración entre os Gobernos autonómicos de ambas comunidades permite que desde o 2001 os rapaces que o desexen reciban algunhas asignaturas en lingua galega —Comunicación e representación en Infantil, Ciencias Sociais en Primaria ou Historia en Secundaria— ou ben se matriculen en Lingua e Cultura Galega na ESO ou Bacharelato. “Na actualidade hai 17 centros educativos, trece de Infantil e Primaria e catro institutos no programa”, explican desde Política Lingüística, onde precisan que os colexios se ubican nas zonas limítrofes coa comunidade das comarcas do Bierzo e Sanabria.

A nivel estatal, Cataluña foi pioneira en ofertar o galego coma asignatura aos estudantes de ESO xa que o bautizado como proxecto *Galauda* botou a andar no ano 1999. Desde Política Lingüística, onde non precisan os alumnos matriculados este ano, explican que varios institutos ofrecen a posibilidades de aprender galego coma segunda lingua moderna. Ademais dentro do programa *Galauda* realízanse materiais para facilitar a aprendizaxe de este idioma e organízanse viaxes anuais dos alumnos a comunidade galega.

Pero non so os rapaces españois teñen a oportunidade de iniciarse no uso do galego. Hai xa un cuarto de século que o Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres imparte clases de galego tanto en Primaria —neste caso é unha actividade extraescolar— coma en Secundaria. Neste curso hai 80 rapaces matriculados. Pero a labor de



Un alumno escribe en lingua galega na pizarra da súa clase. | VÍCTOR ECHAVE

este centro vai moito máis aló de simplemente ensinar a gramática e fonética do idioma. Cada ano organizan visitas de galegos que destacan en diferentes disciplinas para achegar o traballo da xente da comunidade no mundo e realizan múltiples actividades para coñecer as costumes e cultura galegas que culminan cunha viaxe anual a comunidade galega.

A gran vinculación de Galicia con Latinoamérica fai que o idioma propio da comunidade tamén se aprenda en centros de Arxentina ou Venezuela. É o caso do Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires no que 550 alumnos estudian esta lingua que se ofrece desde os 3 anos. Ademais poden estudar Literatura e Historia de Galicia. A materia de Lingua Galega tamén se imparte no

Colexio Castelao da Hermandad Gallega de Caracas, donde están matriculados 300 alumnos.

A todos eles hai que sumar aos universitarios que reciben clase de galego en 35 facultades de todo o mundo. Existe esta posibilidade en nove universidades españolas, catro alemáns e brasileiras, pero tamén en Rusia, Polonia, Francia, Portugal, Reino Unido ou Croacia.

BEGOÑA GONZÁLEZ

Responsable do proxecto ‘Galego en Londres’

“O ensino vai máis aló da lingua, vense costumes e a Galicia moderna”

Celebran as súas vodas de prata como un claro referente do ensino da lingua galega no exterior. O Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres imparte galego desde o ano 1991 coma materia optativa en Secundaria e como extraescolar en Primaria. “Este curso, de 158 de ESO, temos matriculados a 50, case un terzo, e en Primaria hai dous grupos con 31 alumnos”, explica a responsable do proxecto Galego en Londres, Begoña González, quen recoñece que o perfil do alumnado é moi variado aínda que hai un “núcleo duro” que ten vinculación coa comunidade. “Moitos son procedentes de Galicia ou fillos e netos de emigrantes, moi unidos a nosa terra. Son galegofalantes, teñen familia alí e seguen a pasar as

vacacións alí. Apúntanse a galego porque perfeccionan a lingua e manteñen o vínculo coas raíces familiares. Hai moitos da zona da Costa da Morte”, explica González, quen engade: “Tamén hai moitos que non teñen vínculo con Galicia pero entenden que aprender novas linguas é un valor e ven o galego coma unha oportunidade para abrir as portas ao mundo lusófono no futuro”.

A labor de este centro é moito mais que dar clases sobre gramática. Eles son os encargados de dar a coñecer Galicia a suas costumes, historia e cultura entre rapaces que moitas veces non saben nada desta terra. “O ensino do galego va máis aló do ensino da lingua. Boa parte das actividades que se propoñen no centro danlles a coñecer os



L.O.

nosos costumes máis tradicionais, pero tamén a Galicia moderna que se proxecta a través das artes, as

SANTERI SIIMES

Estudios Galegos en Helsinki

“Tiven un alumno que a moza era galega, pero a maioría estuda filoloxía”

O Centro Galego da Universidade de Helsinki botou a andar a principios dos anos 90 e este curso conta con sete alumnos matriculados. “A maioría adoitan ser estudantes de filoloxía hispánica ou portuguesa que precisan coñecer outro idioma da península ibérica. Tamén hai alumnos doutras linguas románicas ou de filoloxía finoúrica que optan polo galego porque se interesan polas linguas minoritarias en xeral”, explica o responsable do centro, Santeri Siimes, quen recoñece que pode haber outras motivacións. “O ano pasado houbo dos alumnos con causas persoais porque un tiña unha moza galega e outro o xerro e tamén hai que estudia galego porque vai facer o Camiño de Santiago”, sostén.

Recoñece que “moitos non saben nada de Galicia” cando se matriculan e que esta lingua coma as románicas “é difícil en xeral para os finlandeses” polas diferencias coa seu idioma natal. “O uso dos artigos, o subxuntivo ou o emprego dos tempos en pasado (algo que non hai no finés) é o mais complicado para eles”, explica.

ciencias, o cine”, explica Begoña González, quen explica que en esta última parte axuda moito a visita de galegos que destacan en diferentes ámbitos e que charlan cos rapaces. Nos últimos meses pasaron polo centro londinense a música Mercedes Peón, o actor Carlos Blanco, o astrofísico Antón Beato e outros galegos do mundo da enfermería, a fotografía, o deporte ou a ensinanza.

“Tamén participamos a miúdo con outros centros galegos que visitamos na nosa viaxe anual a Galicia”, indica González e explica que organizan todo tipo de actividades (concursos de marcapáxinas sobre Manuel María, sobre fotografía ou unha campaña contra los malos tratos) co galego coma lingua protagonista para familiarizar aos rapaces con este idioma. Toda unha labor que se visibiliza no Facebook e Twitter de Galego en Londres que ten miles de seguidores e no que ademais os coordinadores divulgan a actividade que realizan distintos galegos en Londres.